

1. Métodos de datación. Idade relativa

O libro preséntanos algúns dos principios fundamentais da datación, que nos permiten facer a datación relativa dos materiais e procesos xeolóxicos ou, o que é o mesmo, establecer que ocorreu antes e que despois (páxina 234).

2.2. A columna estratigráfica

Como podedes ler, a columna estratigráfica é unha forma de representar por orde cronolóxica os materiais existentes nunha zona. Nela indícanse os diferentes tipos de rocha, grosor (potencia) dos seus estratos e outra información.

Libro dixital: Pestana Recursos interactivos: Columna estratigráfica

2.3. Criterios de polaridade

2.4. Concordancias e discordancias.

Este concepto tamén é importante. Como veremos máis adiante nalgún exemplo, na columna estratigráfica dunha zona non hai continuidade temporal entre os diferentes estratos. Isto quere dicir que non sempre se están acumulando sedimentos nun lugar determinado, ou que algúns sedimentos foron erosionados e desapareceron. Por exemplo, na meirande parte de Galicia non existe ningún material da Era Secundaria (Mesozoico). Por que?

2.5. Poñer orde na historia

Preséntase aquí o **principio de relacións transversais**, que chamaremos tamén (penso que este nome se entende mellor) **principio de superposición de fenómenos xeolóxicos**. Este principio, xunto cos que vimos antes e algúns máis permítenos, a partir da observación da estrutura xeolóxica de unha zona determinada, ordenar os materiais que a forman e describir os procesos que nela tiveron lugar.

- ❑ **Principio de superposición de fenómenos xeolóxicos:** Os sucesos xeolóxicos que afecten a unha rexión (fallas, pregamentos, erosión, transgresión, etc.) afectarán ás rochas xa existentes, pero non ás que se formen con posterioridade.
“Todo acontecemento xeolóxico é posterior ás rochas ás que afecta pero anterior ás que non resultan afectadas”.